A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000864)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alfonso Federico Talin Seoane en representación de DAVADOO STORE SLU, para legalización do rótulo instalado na Pza. Galicia nº

10 Bx. (Ref. cAt. 9361610NH1196S0001TJ), axustado ás condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 09/1/2019. (Expte. URB/2018/000642)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Rubén Abalo Barreiro, para legalización da instalación de pozo filtrante para recollida de augas de chuvia na Rúa Cerdeira nº 7 - Cornazo (Ref. Cat. 0345104NH2104N0001ZB) (Expte. URB/2019/000669)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jose Manuel Lorenzo Paz en representación de HERMANOS LORENZO PAZ CB, para vado permanente na Rúa Valentin Viqueira 27, pola Rúa Cervantes.

A Rúa carece de beirarrúas , debendo sinalizar cunha liña amarela contínua na zona fronte ao garaxe do solicitante co fin de poder facilitar a manobra de entrada e saída do mesmo.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello. (Expte. URB/2019/000704)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Lede Rial, para acometida á rede de saneamento na Avda. de Rubiáns 22 (Ref. CAAt. 1444908NH2114S0001BO), Baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego telef. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2019/000711)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Ramos Díaz, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA, para obras de reparación da rede eléctrica (248616120093) na Avda. de Cambados nº 38, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Telef. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado Da gabia e 5 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da gabia dacordo o seguinte cadro:

CADROS DE CARACTERÍSTICAS DA REPOSICION DO VIAL		
Capa	Mezcla	Espesor/Do tación
Capa rodadura	AC Surf 22/S (S-20)	6 cm
Capa Intermedia	AC Bin 22/S (S-20)	9 cm
Capa Base	AC Base 32/G (G-25)	10 cm
Sub-Base	Za 25	25 cm
Rego de adherencia	Ecr-2 – dm	0,6 kg/m ²
Regos de Imprimación	ECI	1 Kg/m ²

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2019/000716)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Diego Otero Losada, en representación de OGMIOS PROYECTO SL, para instalación de guindastre torre na Avda. da Mariña nº 23 (Ref. Cat. 9168008NH1196N0001KO), axústándose ás seguintes condicións:

Unha vez instalado o guindastre, presentará certificado técnico do mesmo, asinado por técnico competente e visado polo seu Colexio. (Expte. URB/2019/000764)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Pérez Oubiña en representación de COM. PROP. EDIFICIO AREALONGA, para obras de reparación de terraza xardín na Avda. Juan Carlos I nº 17-19 , baixo as seguintes condicións:

- O titular está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados polas obras, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.
- Adoptaríanse ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, dacordo co R.D. 1627/1997.
- Previo inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías de servizos, unha relación dos servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000781).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Elisa María Casado Baltar, para acometida á rede de auga para o servizo de obra na Rúa do CArme nº 29 - Carril (Ref. Cat. 8581805NH1188S0001DQ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen

que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. URB/2019/000806)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Celestina López Morte en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Sartaches 1-3-5-7-9 - Vilaxoán, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia Lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado Da metade do vial, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. Establécese unha fianza de 5.000,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2019/000828)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Celestina López Morte en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Benigno Santos nº 1 - Vilaxoán, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

Beirarrúa

O titular deberá repoñer ao seu cargo os elementos afectados pola obra, restituíndo os mesmos as condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e estética.

Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. Establécese unha fianza de 500,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. URB/2019/000830)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Álvarez Seoane, para legalización de obras de adecentamento de colocación de portais, recebado de muro de fachada e pavimentación interior en vivenda unifamiliar na Rúa Vilar Ponte nº 7 (ref. Cat. 9864326NH1196S0001HJ).

Dése conta ó Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos. (Expte. URB/2019/000852)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Ramos Diaz en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica (Nº SDG: 248619030117), na Avda. Rosalía de Castro 149, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

Reposición da beirarrúa coa mesma tipoloxía que a existente.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

8. Cumprirase estritamente as condicións establecidas na autorización do titular da estrada PO548 , A.X.I. da Xunta de Galicia (IF205Z 2019/000146-4). (Exp. URB/2019/000568)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Ramos Diaz en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, para obras de ampliación na rede eléctrica (Nº SDG: 248619040220), no Cmño. das Laxes s/n - Sobrán, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para

que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado Da gabia e 3 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado DA METADE DO CARRIL, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2019/000685)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Enrique B. García Chillón en representación de CEFRICO SL, para ampliación de nave industrial en parcela sita no Peirao Comercial Oeste nº 2, de conformidade co proxecto básico e anexos para "Ampliación de nave industrial de manipulación y envasado de productos de pesca y acuicultura" visados en data 13.08.19, redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Angel Manuel Ferradás Soage e proxecto de execución visado coa data de 06.09.19.

Consta no expediente compromiso de aceptación da dirección de obras e de execución das obras, asinado polos enxeñeiros técnicos industriais D. Angel M. Ferradás Soage e D. José Manuel Lemat Santos, visado en data 16.10.19.

Consta no expediente Acta de designación de Coordinador de Seguridade e Saúde ao Enxeñeiro

Técnico D. Jose María Cendón Álvarez, de daa 23.09.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda.

Xunto coa comunicación previa de inicio de actividade deberá presentarse:

- Certificado final de obra asinado polo técnico directos das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ó modelo oficial do Concello.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. URB/2019/000748)

Informar favorablemente a solicitude de D. Jesús Quintáns Berridi, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Illa de Arousa nº 8, de conformidade co proxecto modificado de básico e de execución do Arquitecto D. Carlos Berride Abalo (visado coa data 23/07/2019), e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar: Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano - Residencial grado 2º

Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 7,10 m., 70%

Orzamento de execución material: 113.140,30 €

Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8881608NH1188S0001IQ

Técnicos directores das obras:

Arquitecto D. Carlos Berride Abalo

Arquitecto Técnico D. José Manuel Millán Armas

Director das obras D. Carlos Berride Abalo

Coordinador de Seguridade e Saúde D. José Manuel Millán Armas

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Dése traslado ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp.URB/2016/000034)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. M^a Jesús Balo Rodríguez, vistos os informes técnico e xurídico, para ampliación de vivenda unifamiliar existente, no lugar de Rúa Bouza de Cea 39, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Reboredo Chaves (visado coa data 19/08/2019). En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural (NP) Grado 2
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m., 40%
4. Orzamento de execución material: 15.402,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 1057629NH2115N0001KK
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Francisco Reboredo Chaves

Arquitecto Técnico Dna. Mariña alvarez Piñeiro.
Director das obras D. D. Francisco Reboredo Chaves
Coordinador de Seguridade e Saúde Dna. Mariña alvarez

Piñeiro

7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. URB/2019/000689)

ASUNTOS VARIOS

Informar favorablemente a recepción definitiva das obras de Urbanización UEI-6 Desamparados, promovidas pola Xunta de Compensación UEI-6, de conformidade co informe da empresa concesionaria do servizo municipal de auga ESPINA Y DELFIN SL, do informe do Enxeñeiro Técnico, así como do informe do Arquitecto Municipal no que fai constar que a Urbanización leva en funcionamento e aberta ó público dende o ano 2012 sen que se poida reseñar no seu funcionamento deficiencia algunha, salvo vicios ocultos.

Procede tamén a devolución das fianzas constituídas para garantir a correcta execución da urbanización.

Dar conta ó Departamento de Tesourería ós efectos oportunos.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:28 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.